

MESA SECTORIAL



MESA SECTORIAL DO DÍA 20 DE MARZO DE 2018

1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O 20 DE FEBREIRO DE 2018.

Apróbanse as actas das sesións mencionadas unha vez feitas as alegacións correspondentes.

2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE CONVOCA CONCURSO DE MÉRITOS PARA A SELECCIÓN E O NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN DOS CENTROS DOCENTES PÚBLICOS QUE IMPARTEN AS ENSEÑANZAS REGULADAS NA LEI ORGÁNICA 2/2006, DO 3 DE MAIO, DE EDUCACIÓN.

Desde ANPE repetir, unha vez máis, que este non é o sistema de selección polo que avoga a nosa Organización Sindical. ANPE Galicia considera que a dirección dos centros educativos debería emanar dos Claustros. Estas Ordes retíranlle ao Claustro toda a potestade e deixa a cuestión en mans da Administración Educativa (véxase o artigo 5).

Por outro lado, ANPE Galicia considera que deberían ter prioridade as candidaturas á Dirección de profesores/as do propio centro fronte a candidaturas alleas.

ANPE considera que o prazo de participación debería estar aberto ata a finalización do Concurso de Traslados para poder incorporar as vacantes producidas deste proceso.

Non estamos de acordo co requisito dos 5 anos que recolle o artigo 2b) tendo en conta que, no caso de nomeamento de direccións a dedo non se solicita tal requisito. Sen establecer o requisito dos 5 anos entendemos que se facilita a presentación de candidaturas do propio centro que é o que consideramos fundamental.

ANPE demanda garantías de que os proxectos de dirección presentados sexan accesibles e poidan ser coñecidos por toda a comunidade educativa.

En relación ao artigo 5º da comisión de selección dicir que a súa composición deixa claro, desde o noso punto de vista, que se ningunea ao Claustro en particular e a toda a Comunidade Escolar en xeral, xa que o que menos hai son precisamente docentes. Hai unha clara infrarepresentación do profesorado.

ANPE rexeita as entrevistas. Tamén solicitamos que se publiquen os criterios de avaliación dos proxectos de dirección por parte da Comisión. As votacións deben ser por escrito e secretas.

En relación ás direccións que se nomean de forma obrigatoria ANPE considera que debe facerse por un curso académico en lugar de por dous xa que poderían aparecer novas candidaturas do propio centro no seguinte curso escolar. ANPE considera, así mesmo, que o Claustro debe facer proposta de director/a e non ser simplemente escoitado. Por outra banda, desde ANPE Galicia non entendemos que a Administración Educativa nomee directores opoñéndose en moitos casos ás consideracións do Claustro coas implicacións negativas que isto conleva.

Solicitamos a revisión da listaxe de vacantes xa que detectamos que faltan centros.

En relación ao baremo ANPE demanda a retirada do punto 2.3 e, en xeral, consideramos que se debe valorar a antigüidade e non tanto a meritocracia.

ANPE demanda de novo que no caso de coberturas prolongadas de baixas de directores/as se lle dea recoñecemento administrativo e económico aos substitutos/as.

ANPE demanda novamente que se teña en conta o recoñecemento no apartado 4.1 do Concurso de Traslados para o persoal responsable de centros de educación infantil e primaria de menos de 3 unidades que asumen todas as funcións dos órganos de goberno unipersoais sen os dereitos inherentes ao cargo. Consideramos que estes centros non deberían ter un responsable do centro se non UN DIRECTOR/A nomeados con tal cargo.

A Administración non tocará absolutamente nada desta Orde.

3º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE CONVOCA CONCURSO DE MÉRITOS ESPECÍFICO ENTRE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA E EN PRÁCTICAS DO CORPO DE MESTRES PARAR CUBRIR, EN COMISIÓN DE SERVIZOS, POSTOS DE ESCOLARIZACIÓN A ALUMNADO DE ATENCIÓN PREFERENTE.

En relación ao Anexo dos centros que aparecen na Orde desde ANPE Galicia botamos en falta varios centros. Entre eles destacar o IES Maruxa Mallo onde o centro solicita un intercomunicador NuVoice e polo tanto, precisan que apareza como requisito para a súa praza o “Coñecemento, configuración e funcionamento do intercomunicador NuVoice.

O CEE de Pontevedra solicita un mestre especialista de Educación Física, 1 mestre especialista de AL, 1 mestre de PT e 1 mestre especialista de Educación Musical.

Solicitamos tamén vixilancia sobre as necesidades no CEIP de O Corgo onde unha praza foi cuberta de xeito excepcional o curso pasado co compromiso por parte da Administración de saír este ano. Ao non estar no Anexo ANPE Galicia demanda que a Administración estude se hai a necesidade ou non para poder saír no Anexo. **A Administración fará unha análise de todas estas peticións para revisión do Anexo.**

Con carácter xeral demandamos que a dotación de persoal de PT e AL para todos os centros.

ANPE Galicia solicita que se abra a posibilidade de solicitar prazas deste tipo a todos os centros xa que entendemos que hai un perfil que se recolle na Orde, como é o perfil de alumnado con problemas graves de conduta, que podería recoller unha maior amplitude de centros demandantes.

A comisión de selección debe ter representación sindical e debe ser convocada xa que o curso pasado non se fixo.

ANPE considera que non debe deixarse tan pechado na Orde o feito de que o período de cobertura non poida superar os 6 anos de duración xa que as necesidades poden seguir persistindo aínda que sabemos que as cuestións problemáticas puntuais que poden xurdir se están a solucionar desde as Xefaturas Territoriais. ANPE Galicia considera importante que este tipo de alumnado manteña o mesmo profesorado xa que é complicado para eles adaptarse a un profesor novo.

No tocante ao baremo, no apartado 4.1 ANPE Galicia demanda unha diferenciación de valoración entre os cursos impartidos e os cursos recibidos. **A Administración estudará esta proposta.**

4º PUNTO DA ORDE DO DÍA: INSTRUCCIÓN SOBRE O USO FRACCIONADO DA SITUACIÓN DE EXCEDENCIA VOLUNTARIA POR COIDADADO DE FAMILIARES.

ANPE solicita a retirada destas instrucións. A argumentación é a seguinte: existen unhas normas básicas que se deben cumprir e entendemos que a Administración pretende interpretar e facer instrucións á marxe do establecido na normativa marco. Así o ben facendo continuamente con diferentes cuestións. A todo isto hai que sumarlle o feito de que, a

posteriori, cada Xefatura Territorial interpreta as instrucións de diferente maneira xerando multitude de problemas. Sabemos que detrás destas instrucións soamente hai un afán económico.

A Administración resposta que non vai a retirar as instrucións e que se as establece é para conciliar o dereito do profesorado co dereito do alumnado.

5º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ANTEPROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE ESTABLECE O CURRÍCULO DOS NIVEIS BÁSICO A1, BÁSICO A2, INTERMEDIO B1, INTERMEDIO B2, AVANZADO C1 E AVANZADO C2 DAS ENSINANZAS DE IDIOMAS DE RÉXIME ESPECIAL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

Desde ANPE Galicia consideramos que este tema vai bastante atropelado no tempo polo que valoramos o intento feito pola Administración de que non entrase en vigor a norma estatal para o vindeiro curso.

Desde os departamentos das EOI e o profesorado nos trasladan a preocupación pola perda de carga horaria.

En relación á asignatura de Español para estranxeiros o profesorado que traballa neste tema nos traslada o feito de que a maior parte do alumnado que comeza no nivel básico non tivo nunca contacto co idioma polo que consideran imprescindible aumentar o máximo posible o número de horas adicadas á materia.

O profesorado tamén demanda formación inicial para poder impartir o nivel C2 que se vai a comeza a implantar a partires do curso que ven. Solicitamos que se teñan en conta as particularidades horarias deste tipo de profesorado e a formación se ofrezca en horarios axeitados aos mesmos. **A Administración resposta que a súa intención é establecer un Plan de Formación específico para este tipo de profesorado.**

ANPE Galicia considera que non debería irse máis aló dos 4 grupos porque entendemos que irse a 5 grupos impediría outro tipo de actividades.

En relación aos ratios a proposta de ANPE Galicia é de 25 alumnos no nivel básico, 20 no intermedio e 15 no avanzado.

ANPE Galicia solicita unha aclaración sobre quen vai a ser os especialistas do nivel avanzado.

Desde ANPE Galicia rexeitamos de maneira contundente os convenios con entidades privadas. Non compartimos e denunciemos o modelo mixto utilizado pola Administración Educativa galega que pon á disposición de entidades privadas persoal do CAFI para que sexan estas entidades privadas as que emitan as certificacións. Denunciamos novamente esta privatización das certificacións empregando recursos públicos.

Para finalizar, denunciemos que no caso dos lectorados fundamentalmente, non se están a cubrir as ausencias no momento no que se van producindo.

6º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ANTEPROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE ESTABLECE O CURRÍCULO DO CICLO DE GRAO SUPERIOR CORRESPONDENTE AO TÍTULO DE TÉCNICO DEPORTIVO SUPERIOR EN PIRAGÜISMO DE AUGAS BRAVAS E TÉCNICO SUPERIOR EN PIRAGÜISMO DE AUGAS TRANQUILAS.

ANPE considera que este tipo de currículos están xa elaborados e vistos por especialistas pero de tódolos xeitos gustaríanos facer unha serie de aportacións:

Non nos agrada que a Consellería publique un Decreto de Currículo propio porque o demande un centro privado. ANPE Galicia, como sindicato exclusivo de ensino público, considera que a Administración Educativa debería potenciar que este tipo de ciclos (onde a nosa Comunidade Autónoma ten potencialidade) se impartan en centros públicos, máxime

tendo en conta que unha vez implantado un ciclo deste tipo en entidades privadas é moi complicado que prospere unha oferta pública.

Demandamos que se faga unha redución na ratio do alumnado e que, en todo caso, se estableza unha diferenciación entre os ratios de augas bravas e de augas tranquilas.

7º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE REGULAN ASPECTOS RELATIVOS Á ORGANIZACIÓN DAS MATERIAS DO BACHARELATO ESTABLECIDO NO DECRETO 86/2015, DO 25 DE XUÑO, PARA CENTROS DA CAG.

Despois da aprobación por unanimidade da Proposición non de lei no parlamento, ANPE Galicia agradece que este proxecto de Orde pase pola Mesa Sectorial. Consideramos que chega un pouco tarde e vemos con algo de desazón como a Administración Educativa opta pola vía máis “light” de aplicación da Proposición non de lei. A ANPE lle gustaría que a filosofía se establecese como troncal en tódalas especialidades e fose cursada en todos os itinerarios. Tal e como está sociedade actualmente consideramos que se debería tender a potenciar a volta aos valores do pensamento filosófico.

Os restantes puntos da Orde do Día quedan aprazados para unha vindeira Mesa Sectorial a celebrar, con case toda probabilidade, o vindeiro martes 3 de abril. Péchase polo tanto a sesión, sendo as 14:30 horas.

8º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE REGULA O PROCEDIMENTO PARA O REÍNTegro INDIVIDUAL DE GASTOS POR ASISTENCIA A ACTIVIDADES DE FORMACIÓN DO PROFESORADO ANO 2018.

9º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE CONVOCAN PRAZAS DESTINADAS AO PROFESORADO PARA A REALIZACIÓN DE ITINERARIOS FORMATIVOS PARA A MELLORA DA SÚA COMPETENCIA LINGÜÍSTICA E COMUNICATIVA, RELATIVOS AO PROGRAMA INTEGRAL DE LINGÜAS ESTRANXEIRAS (PIALE) PARA O ANO 2018.

10º PUNTO DA ORDE DO DÍA: LICENZAS POR FORMACIÓN .

11º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROGOS E PREGUNTAS.

